

2. LUDOTECAS DE XUVENTUDE E COIA

As Ludotecas son centros de ocio e tempo libre, pensadas especialmente para nen@s co obxecto de potenciar o seu desenvolvemento integral a traveso do xogo e do xoguete. Aquí podedes atopar un lugar donde divertirvos ao tempo que facedes amigos e amigas, sen deixar de aprender cousas novas no voso tempo de lecer

2.1. Servizos

- Espacio físico para xogos, dotado co material imprescindible para levar a cabo as súas actividades
- Obradoiros
- Xogo libre
- Xogo organizado
- Excursións
- Préstamo de xogos, xoguetes e libros
- Biblioteca
- Asesoramento aos pais e nais en temas relacionados co xogo

2.2. Compromisos cos usuarios e coas usuarias

- **Espazo de xogos:** poñemos á vosa disposición varias salas acondicionadas para poder desenvolver unha morea de actividades no tempo de lecer. Tamén contamos co material imprescindible para o desenvolvemento destas actividades como mesas, cadeiras, estanterías, corcheiras, libros, xogos e xoguetes.
- **Actividades:** mensualmente elaboramos unha programación con novas actividades para que poidades pasárvolo ben ao tempo que aprendedes.
- **Servizo de préstamo:** prestámosvos libros, xogos e xoguetes, tanto para empregar nas nosas instalacións como para que poidades levar para casa.
- **Información e asesoramento:** facilitamos información sobre actividades e temas de ocio e tempo libre nas ludotecas. Tentamos facer unha atención personalizada polo que, dependendo do número e tipo de demanda, ás veces teremos que recurrir ao sistema de concertar citas previas.
- **Horarios:** co obxecto de adaptamos ao voso tempo de lecer e ás nosas posibilidades, os horarios poden variar algo durante o ano. En principio, os horarios estipulados son os seguintes:
 - Durante o curso escolar: tardes de 16:30 a 20:30h.
 - Períodos vacacionais durante o curso escolar: mañás de 10,30 a 13:30h e tardes de 16:30 a 20:30h.
 - Nas vacacións de verán: mañás de 10:30 a 13:30h e tardes de 16:30 a 20:30h.(agás no mes de agosto que permanecerá pechada).

2.3. O que esperamos dos usuarios e das usuarias

- Non vos esquezades de traer o voso camé de soci@ para acceder á ludoteca, e levalo ao marcharvos dela.
- Se tendes algunha dúbida, falade cos monitores; eles poderán axudarvos
- Coidade e facede bon uso dos materiais para que todos poidamos empregalos en condicións
- Cando rematedes a vosa actividade, deixade todo recollido e no seu sitio para que todos poidamos atopar as cousas con facilidade
- Se respetades as normas de convivencia da ludoteca, divertirémonos tod@s e así imola máis!
- Se queredes empregar o servizo de préstamo, acudide ao rexistro de entrada
- Apuntádevos, se queredes xogar no “patio pechado” cos monitoras/es
- Traede a vosa autorización cuberta cando queirades vir de excursión connosco
- Avisádenos se cambian algúns dos datos das vosas fichas de inscrición
- Podedes participar coas vosas ideas nas actividades da ludoteca, para eso está o buzón de suxerencias

2.4. Como acceder

Para poder divertirvos connosco na ludoteca tan só tendes que facervos socios. Para elo cómpre ter entre 7 e 12 anos de idade, cumprimentar as fichas de inscrición e traer dúas fotos tamaño camé.

Se tendes algunha dúbida ou desexades máis información, poñédevos en contacto connosco:

Casa da Xuventude r/ López Mora, 31 – 36211 Vigo
Tlfno.: 986 294 806
Fax :986 294 934
xuventude@vigo.org

2.5. Indicadores de funcionamento

- Nº de usuari@s mensual
- Nº de xogos, xoguetes e libros cedidos en calidade de préstamo
- Índice de participación nas actividades organizadas
- Nivel de satisfacción d@s usuari@s
- Nº de demandas para información presenciais ou telefónicas
- Porcentaxe de demandas presenciais ou telefónicas atendidas no momento
- Nº de demandas de información por fax
- Porcentaxe de demandas por fax atendidas antes de cinco días hábiles
- Nº de demandas de información por correo electrónico recibidas
- Porcentaxe de demandas por correo electrónico atendidas antes de cinco días hábiles